



MANIFIESTO POR EL DÍA DE LA PAZ Y LA NO VIOLENCIA 2021

Mañá, día 30 de xaneiro, conmemórase o Día Internacional da Paz e a Non Vilolencia. Nós, adiantámonos un día para poder celebralo todos xuntos no colexio. Dicimos, si, todos xuntos pero dunha maneira diferente a como viñamos facendo cando nos reuníamos no patio da Divina Pastora ou na recepción do colexio para compartir as cancións ensaiadas na clase e os textos elaborados cos compañeiros sobre o que significa a Paz.

Diciamos que celebramos este Día da Paz dunha maneira diferente pero non por iso menos especial e significativa, de aí que os alumnos de 4º da ESO que rematamos este ano unha etapa escolar queremos compartir con todos unha pequena reflexión:

Nun ano no que coñecemos e fixemos nosas novas palabras como gromo, pandemia, PCR, máscara... E aprendimos a convivir con novas normas, gustaríanos centrar a nosa atención en dous aspectos: os nosos ollos e a nosa voz.

Estes dous elementos resultan fundamentais nestes tempos, en que a expresión da nosa cara queda agochada detrás dunha máscara, para poder transmitir CALMA, SERENIDADE, UN SORRISO... Temos que aprender a sorrir cos ollos!

Estes valores son tan necesarios nestes tempos nos que posiblemente as persoas coas que convivimos cada día, compañeiros e amigos, estean ás veces preocupadas, cansas... E para que non teñan medo, aí temos que estar nós, para acompañalos coa nosa mirada, coa nosa voz...

Nenos e nenas de Infantil e Primaria; mozos e mozas de Secundaria, estade moi atentos aos vosos compañeiros e amigos, cando vexades a alguén que está só, que permanece moito tempo en silencio, que os seus ollos están tristes, achegádevos a el, preguntádelle como está, se quere xogar cos vós, falar ou simplemente permanece ao seu lado para que non se sinta só, acompañádeo.

Desta maneira no noso colexio celebraremos cada día o Día Internacional da Paz e Non Violencia. Non queremos rematar este manifesto sen poner unha nota positiva e pensar que todo isto, tarde ou cedo, rematará e poderemos volver a xogar todos xuntos, celebrar Eucaristías e sobre todo vernos as caras e todos eses sorriso sen unha máscara de por medio, así que xa sabedes: a mirarnos aos ollos e a sorrir con eles.



**COLEGIO
CALASANCIAS**
Vigo